

# O Provisional



Xornal de Información Xeral do Instituto de Educación Secundaria "María Sarmiento"

Año XXIX - Número 84 - SUPLEMENTO 8

Viveiro, 21 de xuño de 2023

PREMIO NACIONAL ÁS MELLORES  
PRÁCTICAS EDUCATIVAS - CURSO 2003-04



## A FUNDACIÓN ALCOA ACHEGA 87.000\$ PARA O CICLO DE SOLDADURA



Ao acto de entrega asistiron representantes da Fundación Alcoa, Consellería de Educación, Dirección do IES e outras autoridades académicas e municipais

O día un deste mes, fíxose oficial a achega económica coa que a Fundación Alcoa permite a compra de novos equipos para o CM de Soldadura e Caldeirería. En concreto, como sinalou o Xefe do Departamento Eliseo Iglesias Maseda, trátase dunha torsionadora para traballos en frío sobre materiais modernos, unha curvadora de tubos, un grupo de soldeo por plasma de última xeración e dous de tipo MIG-MAG para unións en aluminio.

Estes equipamentos permitiralle ao noso alumnado a mellora das competencias profesionais relacionadas coas actividades

que se desenvolven cos devanditos equipos, o que redundará tamén na mellora da calidade do emprego ao que poden optar.

Sinalar tamén que este é xa o terceiro proxecto de colaboración entre o Departamento de Soldadura e a Fundación Alcoa ao longo dos últimos anos.

Aproveitando o acto, a directora Helena Pérez Inés agradeceu diante de Raquel Vázquez Freire, xefa de planta de Alúmina de San Cibrao, a achega económica recibida.

### SUMARIO

- Cartas de amor
- Entrevista: Katia Duarte
- Letras Galegas 2023
- Máis proxectos europeos
- Faleceu Arsenio Iglesias
- Viaxe de 4º de ESO a Roma e Florencia
- SUPLEMENTO:  
Escolas unitarias, inventario nos concellos de Oourol, Vicedo e Viveiro
- Aspecto dunha aula nunha Escola Unitaria
- Oferta educativa 2023/24

**CATRO MATRÍCULAS DE HONRA NO BACHARELATO:**  
Diego Fernández Somoza, Belén Lorenzo Pérez e Carlota López Santandreu, acadaron senllas matrículas de honra no Bacharelato (Páx. 23)

**- EDITORIAL -**

Rematamos o curso con novidades respecto ao cadro de persoal e nova reorganización académica:

-Soubemos que se aveciña outra muda na xefatura de estudos do réxime ordinario por traslado voluntario do actual xefe; isto, -xa o comentabamos no editorial do número 82-, xunto cos continuos cambios organizativos, non contribúe á eficacia da xestión e xera inquietude entre o equipo docente.

-Por outra banda, tamén sufrimos a redución do persoal non docente, en concreto houbo un traslado voluntario de dous conserxes, sen que se cubrisen esas prazas durante máis dun mes e, despois diso, só se produce o relevo nunha delas.

-Aveciñase unha nova ordenación académica, ademais da xa coñecida derivada da implantación da LOMLOE, que afectará moi especialmente á Formación Profesional Específica da que se pretende que todos os ciclos teñan carácter dual.

Non obstante, tamén convén facer reflexión dos acontecementos máis salientables e do intenso traballo realizado ao longo deste ano académico:

-Houbo multitude de accións organizadas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

-Traballáronse varios proxectos europeos con mobilidade de alumnado e profesorado por diferentes países.

-Diversidade de actividades complementarias e extraescolares decididas e organizadas polos diferentes departamentos didácticos.

-Clubs de lectura, tanto do profesorado como do alumnado, con accións de apoio e propostas para a mellora da comprensión lectora deste últimos.

-Traballo a prol da inclusión, particularmente dende a radio escolar "Radio Amiga" e dende o Departamento de Orientación e o seu equipo.

-Oferta de varios cursos AFD (accións formativas para desempregados) que pretenden dar unha nova oportunidade de formación ao alumnado que non atopa acomodo no sistema regrado ou que xa se atopa en paro.

- Intenso labor dende a Biblioteca colaborando en todas as accións que teñen que ver cos recursos bibliográfico e a difusión dos mesmos.

- Importantes achegas económicas para os ciclos formativos, como se sinala tamén na portada.

Grazas por todo ese traballo realizado e esperemos que o vindeiro curso sexa mellor para todos.



## "DESAFÍO" DE BALONCESTO

O tradicional torneo de baloncesto entre os dous institutos de Viveiro, celebrado o 31 de marzo, acadou o resultado final de 61 a 47 a favor dos integrantes do equipo do María Sarmiento.

Resultou salientable o traballo para desenvolver os obxectivos educativos nos que os valores de respecto, amizade e coñecemento do outro se converten en eixes temáticos a través da nobre competición buscando a comunicación e a igualdade como persoas.

## CHARLA SOBRE PIRAGÜISMO

O venres, 28 de abril, tivo lugar unha charla no salón de actos dirixida ao alumnado de 1º de ESO.

Na mesma, responsables do Club de Piragüismo de Viveiro faláron cos mozos sobre as particularidades deste deporte tan enraizado na nosa contorna e animáronos a practicalo. A actividade estivo organizada polo Departamento de Educación Física que coordina Mariluz Fernández Díaz.

# Cartas de amor



*Con esta exposición, promovida dende a Secretaría Xeral da Igualdade, preténdese establecer un paralelismo entre o mundo romántico das primeiras relacións de parella, e a crueldade que, ás veces, vai asociada a elas. Varios debuxantes, entre os que se atopa Primitivo, ex-profesor do noso centro, sintetizaoon nunha imaxe situacións ou momentos que considerasen como violentos entre os adolescentes, co obxectivo de poñer de manifesto a necesidade de mudar esas actitudes por outras nas que prime o respecto á parella.*

## BADMINTON



Os profesores Jorge Santamariña García e Marta Castro Méndez, xogadores do Club O Cembedo, colleitaron un novo éxito deportivo no campionato nacional senior de badminton celebrado, en marzo, en Medina del Campo.

Nesta ocasión trouxeron para Viveiro senllas medallas de bronce, concorrendo entre máis dun cento de competidores nacionais e estranxeiros.

## TRASLADOS

Antonio González da Torre e José López Peña, colaboradores habituais deste xornal escolar dende o apartado de Comunicación, Arquivo e Distribución, deixaron de prestar servizos no noso centro por traslado voluntario á Escola Oficial de Idiomas de Celeiro e Arquivo Provincial de Lugo, respectivamente.

Desexámoslles moita sorte neses novos traballos ao tempo que os botaremos de menos na elaboración do Provisional.

## 5 de xuño DÍA DO MEDIO AMBIENTE

Establecido pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa resolución do 15 de decembro de 1972, celébrase dende 1973 o 5 de xuño de cada ano, data coa que se deu inicio á Conferencia de Estocolmo (1972)



ENTREVISTA: CON

# Katia María Duarte Monteiro

*Naceu na Coruña pero vive no Barqueiro dende que tiña dous anos.*

*Fixo a E. Primaria no CEIP Francisco López Estrada e posteriormente a ESO no IES de Ortigueira.*

*Cursou os ciclos de Electromecánica do Vehículo e Superior de Automoción no IES María Sarmiento.*

*Actualmente traballa en Stelantis en Vigo.*

\* \* \*



Ante todo moitas grazas por acceder a esta pequena conversa para o noso xornal escolar **Profesional**.

**• En primeiro lugar, como estás vivindo o acceso ao mundo laboral nunha empresa tan importante como é Citroën?**

Despois de cursar o Ciclo Superior de Automoción no IES María Sarmiento, tiña claro que quería facer as prácticas nunha empresa na que poidera impulsar todo o meu potencial. As devanditas prácticas foron moi productivas, adquirín coñecementos en cada unha das especialidades do ciclo, polo que quedei moi contenta coa empresa, e eles connigo.

Quince días despois de finalizar a FCT, recibín unha chamada e en menos dun mes xa estaba traballando en Stellantis-Vigo.

**• Como naceu a túa vocación por esta profesión?**

Eu diría máis ben que sempre o levei dentro. Son unha persoa moi curiosa (sempre me gustou averiguar como e por qué funcionaban algunhas máquinas), tamén sempre fun "manitas" arranxando cousas da casa como enchufes, chaves da luz, microondas, aparatos electrónicos, etc...

Debido a isto, considerei que inicialmente un Ciclo Medio de Electromecánica sería unha opción acertada para min.



• **Como valoras o teu paso polo noso centro e a relación co resto dos compañeiros e profesorado?**

No Ciclo Medio foi comezar de cero: novo instituto, novos compañeiros e novos profesores. Foi unha moi boa experiencia.

• **Lembras algunha anécdota ou referencia salientable?**

Dende logo que presentarme á competición Galicia Skills na modalidade de pintura do automóbil, representando ao María Sarmiento, foi unha experiencia inolvidable. Sentín o apoio de todos os meus compañeiros e tamén do profesorado.

Detrás houbo moito esforzo e traballo e horas dedicadas de parte do profesor de pintura que me formou e acompañou na competición.

• **Sabemos que os ciclos industriais, particularmente o de Automoción, teñen pouca matrícula feminina; nese sentido, sentíche discriminada nalgún momento? Que lles dirías ás mulleres respecto desta profesión...**

Nunca me sentín discriminada nin nada similar, ao contrario. Sentín moito apoio dos profesores e dos compañeiros. Ás mulleres diríalles que se esta é a súa vocación, que loiten por elo e non permitan que lles afecten os prexuízos de entrar a un mundo laboral maioritariamente masculino.

• **En canto á túa carreira profesional, fixeches as prácticas do ciclo medio en Talleres San Lázaro e as do superior ahí mesmo en Stellantis-Vigo, como foi esta experiencia?**

As prácticas do CM na Ford de Viveiro foron a miña primeira aproximación ao mundo laboral, unha toma de contacto como operaria nun taller de reparación de vehículos.

Respecto ás prácticas do Ciclo Superior en Stellantis-Vigo foi a mellor elección que puideron facer. Quero agradecer ao meu titor de FCT, que me animou e apoiou para ir a Vigo. Na empresa formeime en varias áreas: chapa, pintura, motores eléctricos, ferraxe e soldadura, zona de refrixerantes e aire acondicionado; en cada unha delas aprendín moitísimo. Tamén adquirín unha visión global do funcionamento dunha moderna fábrica de automóviles.

• **Que metas te marcas nesta nova e distinta etapa vital, gustaríache continuar na Citroen?**

Pretendo continuar na empresa, formarme e, a poder ser, ascender nela. Seguir aprendendo para chegar a ser monitora (Xefa de equipo) na zona de eléctricos, iso é a miña paixón.

• **Valorache a posibilidade de continuar estudos, toda vez que a Universidade de Vigo parece que vai ofertar un Grao en Automoción?**

Si, valoreir a posibilidade de continuar os estudos na Universidade, dado que Citroën proporciona facilidades para continuar formándome. É una opción que no descarto a longo prazo.

• **Algún outro comentario que queiras facernos...**

Quero agradecer aos meus profesores do "María" que me ensinaron todo o que sei... tamén a todos os meus compañeiros e ao propio IES María Sarmiento polo apoio recibido durante o meu período de formación. Grazas a ter estudado nese centro, agora estou traballando en Stellantis-Citroën de Vigo.

Moitas grazas!  
REDACCIÓN

**ENTREVISTAD@S ANTERIORMENTE:**

Victor Manuel Rolle Prieto,  
Jana López Álvarez,  
Francisco Rodríguez Salgueiro,  
Andrés Gómez Tella,  
Adrián Ben,  
Gema Rena Monteserín,  
Anthía Suárez Pernas,  
Ana Otero Rodríguez,  
Cristian Vale Varela,  
David González Pigueiras,  
Andreea Daniela Moisa,  
Sara Isabel Méndez Toriza,  
Diana Fernández Gómez e  
David Díaz Díaz,  
Andrés López Chao,  
Lorena Piñón López,  
Yolanda Fdez. López,  
Susana Quintela Díaz,  
Jessica Lash,  
Catalina Rivera López,  
Ramón Martínez Pego,  
Helena Pérez Inés,  
David e Valeria Fernández,  
Atilio Díaz Luaces,  
Alicia Figueiras Icasuriaga,  
Narciso Pillo Guerreiro,  
Uxío Rodríguez García,  
Patricia Amigo Caruncho,  
Óscar Rolle Calvo,  
Javier Mariño Chao,  
Adrián Ben Montenegro,  
Juan A. Menéndez Rocha  
Eric Rodríguez Wolpers,  
Manuel Mira Martínez,  
Manuel Fernández López,  
Gonzalo Dablanca Blanco,  
Rebeca Bermudez Ramudo,  
Ángel Rodríguez Vázquez,  
Patricia Mariño Bouza,  
José Rodríguez Costa,  
Pedro Álvarez Expósito,  
Dolores Núñez Estévez,  
Francisco Basanta Barro,  
Euloxio Xesús Rubert Méndez

# LETRAS GALEGAS 2023



Biografía de Eva Mejuto adicada ao público infantil coa ilustración de UtiCobo

Tres membros da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego xunto con Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo propuxeron en 1963 a celebración do

## Día das Letras Galegas

coincidindo co centenario da primeira edición de Cantares gallegos, de Rosalía de Castro.



### PERSOEIROS AOS QUE SE LLES TEN ADICADO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

- Florencio Delgado Gurriarán, 2022
- Xela Arias Castaña, 2021
- Ricardo Carballo Calero, 2020
- Antón Fraguas Fraguas, 2019
- M<sup>a</sup> Victoria Moreno Márquez, 2018
- Carlos Casares Mourinho, 2017
- Manuel María Fdez. Teixeiro, 2016
- Xosé F. Filgueira Valverde, 2015
- Xosé María Díaz Castro, 2014
- Roberto Vidal Bolaño, 2013
- Valentín Paz Andrade, 2012
- Lois Pereiro, 2011
- Uxío Novoneyra, 2010
- Ramón Piñeiro López, 2009
- Xosé María Álvarez Blázquez, 2008
- María Mariño, 2007
- Manuel Lugrís, 2006
- Xesús Lorenzo Varela Vázquez, 2005
- Xaquín Lorenzo Fdez. "Xocas", 2004
- Antón Avilés Taramancos, 2003
- Frei Martín Sarmiento, 2002
- Eladio Rodríguez González, 2001
- Manuel Murguía, 2000
- Roberto Blanco Torres, 1999
- Martín Códax, Johan de Cangas e Mendinho, 1998
- Ánxel Fole Sánchez, 1997
- Xesús Ferro Couselo, 1996
- Rafael Dieste González, 1995
- Luis Seoane López, 1994
- Eduardo Blanco-Amor, 1993
- Fermin Bouza-Brey, 1992
- Álvaro Cunqueiro Mora, 1991
- Luis Pimentel, 1990
- Celso Emilio Ferreiro, 1989
- Ramón Otero Pedrayo, 1988
- Francisca Herrero Garrido, 1987
- Aquilino Iglesia Alvariño, 1986
- Antón Losada Diéguez, 1985
- Armando Cotarelo Valledor, 1984
- Manuel Leiras Pulpeiro, 1983
- Luis Amado Carballo, 1982
- Vicente Martínez Risco, 1981
- Alfonso X "O Sabio", 1980
- Manuel Antonio Pérez, 1979
- Antonio López Ferreiro, 1978
- Antón Vilar Ponte, 1977
- Ramón Cabanillas Enríquez, 1976
- Xoán Manuel Pintos Villar, 1975
- Xoán Vicente Viqueira Cortón, 1974
- Manuel Lago González, 1973
- Valentín Lamas Carvajal, 1972
- Gonzalo López Abente, 1971
- Marcial Valladares Núñez, 1970
- Antonio Noriega Varela, 1969
- Florentino López Cuevillas, 1968
- Manuel Curros Enríquez, 1967
- Francisco Añón Paz, 1966
- Eduardo Pondal, 1965
- Alfonso Daniel R. Castelao, 1964
- Rosalía de Castro, 1963



Francisco Fernández del Riego nace o 7 de xaneiro de 1913 en Vilanova de Lourenzá(Lugo). Foi o primoxénito dunha familia moi numerosa.

Fun un agasallo que, con algo de demoranza, recibiron meus pais na noite de Reis!

Francisco estudou os seus primeiros anos nunha escola unitaria de Vilanova, os estudos secundarios cos Irmandos Unidos do Mosteiro de San Salvador e no curso 1927-1928 ingressa no Colexio dos Escolapios de Monforte de Lemos para preparar o Bacharelato Superior durante 3 anos.

Sendo adolescente Francisco Fernández del Riego comezou a escribir en revistas escolares como foi o caso de Páxinas Calasancias. Incluso foi galardoado con premios escolares. Tamén escribiu no semanario mindoniense Vallibria.

No curso 1930-1931 inicia a etapa universitaria.

Alvaro, Ricardo, marchos para Madrid estudar Dereito.

Sortei Segue defendendo o galego.

Un día na Universidade Central de Madrid un grupo de mozos mófanse dos galegos.

Os galegos non somos tan ignorantes como nos pintan

Ao rematar o curso volve para Galicia e continúa os seus estudos na Facultade de Dereito de Santiago, onde pronuncia un discurso que avoga pola galeguización.

Francisco trasládase preto do Sar e ali coñece á súa futura dona.

Son Evelina Hervele Nieto, estudo a carreira de Farmacia.

Eu son Paco, estou en proceso de cofundar a Academia Sigma.

Os amigos de Paco alían del...

Dirixiu o Semanario A Nosa Terra.

Colaborou na Organización Nacional Libertaria.

Foi elixido membro da Real Academia Galega en 1945.

Coeditou e dirixiu a revista anónima Galaxia SA.

Presidiu a RAG desde 1977 ata 2001.

Paco del Riego, loitador pola liberdade en tempos difíciles, cunha traxectoria firme, sen traizoar nunca os seus ideais.

Medalla Castelao  
Medalla de Ouro da cidade de Vigo  
Doutoramento Honoris Causa pola Universidade de Vigo  
Insignia de Ouro da Universidade de Santiago  
Medalla de Ouro de Galicia

O 7 de xaneiro de 2010, día do aniversario de Paco, un grupo de amigos e amigas soltan pombas preto da súa casa, uns meses despois, o 23 de novembro de 2010 Francisco del Riego falece no seu domicilio de Vigo.

IGNACIO LEIRAS LAGO-ORCAZBERRO  
2º ESO C

Camiño andado: Castelao no meu espello

Lembro que foi a finais do 1931 cando o coñecín. Foi na imprenta Nós, onde mo presentou Anxel Casal.

Ollei fronte a min un home longo de corpo e de pernas. Suxeríume a súa presenza a dun camiñante que chegara un algo canso.

Amosaba unha luz de serán nos seus ollos grises. As gafas non esaxeraban nin desafiaban. A faciana reflectía expresiva sorriso nos labios finos.

Sempre quedou na miña memoria a súa figura cívica daquel entón: a estatura, o corpo delgado, roxo, fogoral, de leve inclinarse; o traxe negro, a chalina sempre breve, o caído.

Un caído de médico rural, de campesiño que se ía volviendo paseniñamente cego.

A melancólica grandeza daquel Castelao parecíame reflectida na ollada agrisallada, nos acenos das súas mans de debuxante, no busto ergueito; acordadamente, con esperanza.

Tardei pouco tempo en falar con el de novo. Foi cando se fundou o Partido Galeguista como organización de loita no marco da Segunda República.

NOA SUÁREZ RIVEIRA. 2º C

# Bailan Letras



*Como colofón ás celebracións do Día das Letras Galegas que contou con diferentes actividades promovidas dende os departamentos didácticos, no recreo do día 12 de maio, celebrouse unha lectura de textos alusivos á figura de Francisco Fernández de Riego e á defensa do noso Idioma.*

*Durante o acto, tamén houbo actuacións musicais coa colaboración do grupo folclórico "Os do 21" do Vicedo.*

PROFESORADO DE PORTUGAL, ITALIA CHEQUIA E ESLOVAQUIA VISITARON O NOSO CENTRO

Coincidindo coa Semana das Letras Galegas, varios profesores dos países sinalados que participan nos diferentes programas Erasmus+ comúns aos do noso centro, estiveron de visita por Viveiro atendidos polo coordinador Erasmus Celso Pérez Guerreiro e polo Xefe de Estudos do Réxime de Adultos Ramón Cajoto Sante.

Entre outras actividades, os profesores, participaron nos actos de homenaxe a Francisco Fernández del Riego celebrado o 17 de maio en Lourenzá, sendo posteriormente recibidos polo Presidente da Xunta Alfonso Rueda e polo Conselleiro de Educación Román Rodríguez.

## EXCURSIÓN A SANTIAGO



Tivo lugar o 29 de marzo, organizada polo Departamento de Xeografía e Historia para o alumnado de 2º de Bacharelato que cursa a materia de Arte.

Ademais da visita obrigada ao Santiago barroco e Catedral, estiveron no Centro Galego de Arte Contemporánea e en Santo Domingos de Bonaval.

FORMACIÓN PROFESIONAL: ELIXE UN CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO OU SUPERIOR DOS OFERTADOS NO NOSO INSTITUTO

PRESENTACIÓN DE **SOLICITUDES** DE ADMISIÓN PARA O CURSO 2023-2024 (PRAZO ORDINARIO)

**DO 23 DE XUÑO** ÁS 9:00 HORAS **ATA AS 13:00 HORAS DO 5 DE XULLO.**



# Máis proxectos europeos

Como informamos nos números anteriores, editados neste curso 2023/24, no ámbito dos programas europeos Erasmus+ continúan as actividades de intercambio e de experiencias didácticas.



## IRLANDA

Na última semana do trimestre anterior, catro profesores do Departamento de Mantemento de Vehículos, Jesús Ángel Iglesia Cideres, Tamara Teijeira Pernas, Xacobo Ben Eiroa e José Luis Janeiro Insua, viaxaron ata Dublín, Galway, Ennis, Limerick, Cork e Kilkenny para visitar diferentes centros educativos e empresas do sector da automoción tendo como referente ao *Galway and Roscommon Education and Training Board*.

## HUNGRÍA, ESLOVAQUIA e AUSTRIA

Paula Candia, Carla Rodríguez, Andrea Franco e Antía Ferreiro, alumnas de 3º de ESO, acompañadas por Cristina Lestegás (Profesora de Inglés) e por Celso Guerreiro (Profesor de Bioloxía e Xeoloxía) viaxaron durante a semana do 24 ao 30 de abril por diferentes capitais europeas desenvolvendo un intenso programa de visitas e actividades pedagóxicas relacionadas co perfeccionamento do Inglés.

## PAÍSES BAIXOS

Pola súa banda, Ramón Cajoto Sante, Julio Grandío Francos e Ana Martínez Cerdeiras viaxaron a Amsterdam, do 20 ao 27 de maio, co obxectivo de establecer contactos con outros centros para futuras accións conxuntas.

## Faleceu Arsenio Iglesias



Arsenio fíxonos pasar un bo rato aquel 6 de maio de 2001 cando estivo con nós nunha charla no salón de actos, por invitación da dirección coa intermediación de Azucena García (profesora de Física e Química), sobriña do *mister* que o fixo posible.

Falou moito, e ben, do que máis sabía: do fútbol, contounos anécdotas do Deportivo, do Real Madrid, e ata “*unha de Mauro Silva*”. Derrochando ironía e bo humor, meteuse no peto a tódolos alumnos e, por suposto, a tódolos profesores e persoal non docente que asistiu á charla.

Algunha das súas respostas non teñen desperdicio. Tiña que saír a cuestión do penalty que fallou Djukic e, sen mediar medio segundo, espetou: “*xa está aí, a pregunta do carallo*”.

Despois acompañámolo ata o Louzao para xantar. Tiñamos unha mesa nun reservado para que non o agobiaran os presentes; a sorpresa foi que se quedou na barra charlando cos incrédulos clientes que viron aparecer a lenda do fútbol galego e se acoplou á charla coma un máis.

Nada máis que dicir, só que se foi unha gran persoa...

## A PORTA DE CARLOS V

Tamén chamada do Castelo, da Ponte ou Porta Maior, xunto coas do Cristo do Amparo (Porta da Vila) e a do Valado son as únicas que aínda se conservan do que fora recinto amurallado de Viveiro.

De estilo prateresco, en 1548 foi contratada, tralo incendio sufrido pola cidade oito anos antes, ao mestre Pedro Pedroso e rematada no 1554. No 1942 foi declarada Monumento Nacional.

O alzado da porta é cuadrangular, cun arco de medio punto que serve de acceso á praza maior a través da rúa María Sarmiento; sobre o mesmo, elévase o primeiro corpo decorado lateralmente cos escudos de Galicia (cinco copóns postos en *sotuer*) e de Viveiro (a ponte co león pasante). Tras unha resaltada cornixa, no segundo corpo e sobre o arco, unha inscrición explica que a porta foi construída sendo correxedor Canosa de Tordesillas. Na parte superior, centrando o conxunto, no lugar máis destacado sitúase o escudo imperial. No frontón triangular represéntase o busto do Emperador, coroado e co cetro na man. Ás beiras da imaxe real, catro medallóns e dous bustos de guerreiros nas ameas, sen unha identificación precisa.

A Porta de Carlos V cómpre entendela como un monumento conmemorativo en honra e agradecemento ao Emperador polos beneficios que o monarca lle concedeu á cidade eximíndoa de cargas tributarias que favorecían a súa reconstrución da cidade logo do incendio sinalado anteriormente.

Carlos V no seu programa de asegurar os portos galegos contra as incursións francesas fortificou as murallas da Coruña, Ribadeo e Viveiro, convertendo a Galicia nun punto clave da súa política exterior porque lle proporcionaba rápidas comunicacións con Flandes.

Síguenos no Insta da biblio: @bibliomasa



PARA CONTACTAR CON NÓS, ENVÍANOS UN CORREO ELECTRÓNICO




bibliomasa@gmail.com



23 de abril  
DÍA DO LIBRO



<https://www.instagram.com/dinamizaciondosarmiento/>





## INNOVACIÓN: COCHES IÓNICOS "MADE IN GALICIA"

Dende o Departamento de Automoción, promoveuse un proxecto de innovación sobre a aplicación de fluídos iónicos na fabricación de baterías para vehículos. O estudo estará coordinado dende o noso Centro pola profesora Tamara Teijeira Pernas e contará coa colaboración da Facultade Física da USC, Tecnalia e o grupo Breogán Motor, S.L.

Inicialmente quérese, dende o noso grupo de traballo, poñer características para pequenas pilas para logo fabricalas en Santiago e testalas en aplicacións prácticas.

Todo este ambicioso proxecto terá unha importante dotación económica e de formación, pretendéndose crear no Departamento un laboratorio específico para este estudo.

As conclusións levaranse previsiblemente ao próximo congreso de FP-INNOVA 2024.



## EXCURSIÓN POR ASTURIAS

O primeiro fin de semana de maio, o alumnado que cursa a ESA (Educación Secundaria para Adultos) acompañados dos profesores Pepe Casariego Guerreiro e Javier Mariño Chao, fixeron unha viaxe lúdico-cultural por diferentes espazos naturais e monumentais do Principado de Asturias.

Entre outros lugares, visitaron os Lagos e o santuario de Covadonga, as covas de Tito Bustillo en Ribadesella, os Bufóns de Pría en Llanes ou a ponte romana de Cangas de Onís.

# Viaxe do alumnado de 4º de ESO a Roma e Florencia



Máis de sesenta alumnos de 4º de ESO tiveron ocasión de participar, do 10 ao 14 de maio, na viaxe que organizou o centro ao remate da etapa educativa obrigatoria.

Viaxaron a Roma e Florencia a onde foron acompañados dos profesores Angélica Otero Fernández, Cristina Lestegás Pérez, Alberto Barros Pereira e a directora Helena Pérez Inés.

Durante a estancia desenvolveron unha intensa axenda de actividades con visitas aos lugares máis emblemáticos de Florencia (Catedral, Campanile de Giotto, Battistero di San Giovanni, Piazza della Signoria, Ponte Vecchio) e Roma (Coliseo, Foro Romano, Fontana de Trevi, Panteón, Plaza Navona, Museos do Vaticano e Basílica de San Pedro).



## É importante ler?

Ler é importante porque non só nos dá coñecementos sobre a lingua escrita, senón que tamén nos axuda a comunicarnos de forma máis axeitada, a expresarnos mellor.

Á maioría dos adolescentes, parécenos aburrido; moi poucos collen un libro para ler. A moitos de nós cústanos moito coller un libro, só lemos os que son obrigatorios. Aínda por riba, só nos gustan os que son de terror e misterio, como a case todos os rapaces e rapazas.

O interese que se pon normalmente é moi baixo e ás veces é máis cómodo ver unha película sobre un libro que lelo. Os libros son tamén unha porta á imaxinación, cada persoa pode ter unha imaxe dun lugar ou dunha personaxe e outros pódenos ver dunha forma moi distinta.

Pero a lectura o mellor que ten é que o pasas moi ben; somérxeste nun mundo novo, cheo das túas propias fantasías e aventuras, o que che axuda a desenvolver a túa propia imaxinación. É certo, a lectura tamén serve para divertirnos, posto que existen libros para todos: aventuras, ciencia-ficción, historias de amor, humor, misterio e medo...Ata hai libros aburridos, que deben ser para os aburridos, non?

Algúns de nós pensamos que se debería prestar máis atención á lectura nos centros educativos e nas casas, pero a moitos de nós tampouco nos gusta ler por obrigaición, como se pode resolver?

Deberíamos empezar por escoller un libro que nos pareza interesante e ir pouco a pouco, hai moita xente que empeza a ler, ó comezo con esforzo, e xa non para. Logo, a vida fáiselle aburrida sen ler un libro, sen algo que lle faga chorar, rir e tamén chorar de risa; algo que lle dea medo ou que o intrigue tanto que o obrigue a seguir lendo e que, cando o acaba, o faga sentir triste por ter chegado ó final.

(alumnos de ESO)





<https://www.facebook.com/profile.php?id=100092605534073>

(FOTOS DO ÁLBUM DO CENTRO, 90 ANIVERSARIO)



## ACTIVIDADES RELACIONADAS CO RALLY DA MARIÑA



Durante a fin de semana previo ao Día das Letras Galegas, celebrouse na Mariña unha proba de Rally puntuable para o Campionato Galego.

Aproveitando esta ocasión, e considerando que algúns dos pilotos participantes foron alumnos do centro (Adrián Basanta, Iago Roca, Brais Fernández, Ángel Vizoso, Samuel Fernández, Trevín e os irmás Rodríguez Silvosa), o equipo docente do Ciclo Superior de Automoción decidiu programar unha unidade temática relacionada coa seguridade deste tipo de eventos, contextualizándoa no uso e preparación de automóviles da rúa para a competición deportiva. Para lograr estes obxectivos, houbo charlas previas sobre normativa e seguridade, exposicións e, de novo, intervencións no salón de actos o venres 12 de maio onde os pilotos falan sobre as súas experiencias neste deporte á vez que se celebrou no recinto escolar unha exposición dos seus vehículos.

Todo isto foi posible grazas á colaboración de Adrián Basanta e a coordinación da profesora Tamara Teijeira Pernas, sinalando tamén que na devandita proba mariñá participou o profesor de Mantemento de Vehículos Jesús Núñez Yáñez.



Integrantes da radio escolar "Proxecto Amigo" do María Sarmiento e a "Radio Neo" do IES Perdouro de Burela traballaron xuntos nunha acción de integración sociocultural que tivo lugar o día 10 maio na vila burelesa.

-Entre as actividades que se desenvolveron na xornada figuraron:

-Desprazamento ata Burela no tren da Costa dos 15 alumn@s e 2 profesores (Xan Fernández e Fran Basanta), do noso Instituto.

-Visita ás instalacións do IES Perdouro coa guía do profesor Bernardo Penabade e dos exprofesores do Sarmiento Montse Seco Alejos e José Díaz Moscoso, que agora prestan ser-

vizo no instituto burelés,

-Visita ao barco museo Raíña do Carme.

-Gravación dun programa en Radio Burela con entrevistas de Nuria Ramos Cuba a Francisco Basanta Barro, referente do deporte galego como futbolista e como preparador técnico.

-Intervención do protagonista e de dúas alumnas.

-Na segunda parte do programa, Hugo F. Galdo conversou coa profesora Marta Estévez Grossi, docente nas Universidades de Santiago de Compostela e Hannover, sobre a mediación comunicativa, especialmente protagonizada por mozas e mozos na etapa da adolescencia.



Momento da visita ao boniteiro museo Raíña do Carme no peirao de Burela



## ROTEIRO AO REDOR DA FIGURA DE FERNÁNDEZ DEL RIEGO



En dúas quedas, o mércores 31 de maio e o xoves 1 de xuño, os estudantes de 4º de ESO e PDC achegáronse ata Lourenzá e Mondoñedo para participar nun roteiro literario e conmemorar as Letras Galegas adicadas este ano ao lauretino Fernández del Riego.



## EXPOTAKU

O alumnado do club manga, acompañados polas profesoras Inés Yagüe e Marta Muiña, asistiron na Coruña o 26 de maio ao Salón Espotaku, un dos referentes nacionais sobre a temática xaponesa que conta cada día con máis adeptos entre os mozos.



## – NOVO TRABALLO DE PRIMITIVO –

O EXPROFESOR DO NOSO CENTRO PRIMITIVO MARCOS FERREIRO, PRESENTARÁ PROXIMAMENTE UN NOVO TRABALLO. TRÁTASE DA ADAPTACIÓN A NOVELA GRÁFICA DO LIBRO DE XAVIER QUEIPO "O PASO DO NOROESTE". PARABÉNS!



## FOLGA DO ALUMNADO

O pasado 25 de abril, o alumnado do noso centro secundou unha folga en contra da privatización da ensinanza; aproximadamente un 75% dos matriculados en 3º, 4º da ESO e de cursos superiores non asistiron ás actividades docentes.

## CORRECCIÓN DE ERROS

Na páxina 7 do número anterior, publicado o 17 de marzo, figura un pé de foto relativo ao xantar dos xubilados onde se nomea "José Trasancos López", debendo dicir "José Díaz Trasancos".

Tamén, na páxina 9 do mesmo número, figura unha nova sobre a exposición de tangrans do Departamento de Tecnoloxía. Onde di "O alumnado de 2º de ESO realizou..." debía dicir "O alumnado de 1º e 2º de ESO realizou..."

## - Excursión a Lugo -



O alumnado de FP Básica e CM de Electromecánica, acompañados polos profesores Sheila Aldegunde Louzao e Diego Rodríguez Vilela, visitaron o concesionario de Pérez Rumbao en Lugo. A actividade tivo lugar o 20 de abril e, na mesma xornada, aproveitaron para ver o aerodromo de Rozas.



EU QUERO UNHA LEI DE EDUCACIÓN SOCIAL


#PorunaleydeEducaciónSocial

## Día das Artes Galegas 2023

# Martín Códax

O 1 de abril a Academia de Belas Artes conmemora o Día das Artes Galegas en recordo do momento no que o Mestre Mateo deu por rematado o Pórtico da Gloria)

## Exposición de traballos de Educación Plástica e Visual



O alumnado da ESO traballou durante este trimestre diversos aspectos relacionados co cubismo e a técnica do gravado. Tamén realizaron vidreiras coas que decoraron os portais de acceso, o resto dos traballos expuñéronse no recibidor e no taboleiro de exposicións



### TEATRO EN INGLÉS

O 5 de maio representouse no salón de actos a obra *Change the channel*, dirixida ao alumnado de FP Básica de Mantemento de vehículos, FP Básica de Servizos administrativos, 1º e 2º de ESO e CM de Xestión administrativa nunha primeira sesión; deseguido, os alumnos de 3º e 4º de ESO.

### E, EN FRANCÉS

Nesta ocasión, o alumnado de 4º de ESO e de 1º de Bacharelato asistiu á representación da Obra "Lupin", adaptación das obras do personaxe Arsène Lupin, de Maurice Leblanc, no auditorio da Facultade de Veterinaria de Lugo, o 21 de abril.

Na viaxe acompañaron o alumnado as profesoras do Departamento Elsa Ruano González e Inés Yagüe Monboisse.



### NÚMEROS ANTERIORES

Ⓞ *Provisional*

Podes consultar os números anteriores no enderezo web do IES María Sarmiento, apartado REVISTA ESCOLAR



## DURANTE O TRIMESTRE VISITÁRONNOS VARIAS ESCRITORAS



O venres, día 17 de marzo, dentro dos actos de conmemoración do Día Internacional da muller, celebrouse no salón de actos unha charla-entrevista con **Inma Costa**, muller pioneira e directora a cargo dunha agrupación de cornetas e tambores. Actuaron no mesmo acto unha representación da banda naval.

**Andrea Maceiras**, estivo no centro o 28 de marzo falando do seu libro "Que me pare o corazón se te esquezo" co alumnado de 3º e 4º de ESO e de "Volverás, golfiño" para os de 1º de ESO.

O Departamento de Lingua e Literatura Galega, organizador da actividade, manifestou a lección por contar coa autora coruñesa.

**Arantza Portabales**, autora entre outras obras de "A vida secreta de Úrsula Bas" e "Sobrevivindo", estivo co noso alumnado de 4º de ESO e 1º de Bacharelato o día 22 de maio falando da súa última novela policial "O home que matou a Antía Morgade", na que fai unha denuncia social que convida á reflexión aos lectores.

## Viaxe a Coruña para ver a exposición de Meisel



O 18 de abril, o alumnado de 3º de ESO visitou a exposición de Steven Meisel no peirao da Bateria, na Coruña.

Meisel é considerado un dos fotógrafos de moda máis importantes da súa xeración, e incluso de todos os tempos (segundo a opinión de María Casbas). A exposición *A year in photography* estivo organizada pola Fundación Marta Ortega e, na mesma, pódese desfrutar de fotos das máis famosas modelos dos anos noventa como Linda Evangelista, Claudia Schiffer, Carla Bruni ou Naomi Campbell.

Acompañaron o alumnado os profesores Fernando Lago, Xaime Villar, Alicia Teijido e Alberto Barros.



**Trinoidisiorfe**



**fai 25 anos**

Nº 12, publicado o 22-06-1998

**SUMARIO:** Comezaron as obras de ampliación, II Xornadas informativas e de orientación, O conto da avoa, Planificación de Estudos, Torneo de fútbol sala, Os hórreos galegos, The Killer Barbies, A caza das baleas, Trinta anos de música dura, Xogos populares, Programas europeos: Sócrates



**fai 20 anos**

Nº 27, publicación: 20-06-2003

**SUMARIO:** Logramos a certificación de calidade ISO 9001/2000, Subproceso de actividades de aula, Alma de samurai II, A ponte da Misericordia, Rutas: Silvarosa, No bo camiño, A nosa viaxe cara á calidade, Orzamentos 2003, VII Xornadas Informativas, Proxecto Voz Natura, Viaxe de 4º de ESO, Deep Purple, Libros recomendados, Alternativas para o verán



**fai 15 anos**

Nº 42, publicación: 20-06-2008

**SUMARIO:** Continúa o actual Director cun novo Plan estratéxico, Auditoría externa nº 6, Entrevista: Mª Dolores Núñez, O xogo do peón, Intercambio lingüístico, Electrolizador, Plan estratéxico 2008-2012, Experiencia dunha inmigrante, Xaquín Marín Formoso, Bessie Smith, Vacina contra o VPH



**fai 10 anos**

Nº 53, publicado o 21-06-20013

**SUMARIO:** Intercambio lingüístico co Lycée Couserans e viaxe a Roma, Auditorías, Entrevista a Óscar Rolle Calvo, Letras Galegas, Evolución da flota de Celeiro, Planificación de Estudos, A carón do blues: Robert Nighthawk, A enseñanza en España (II)



**fai 5 anos**

Nº 69, publicación: 21-06-2018

**SUMARIO:** Auditorías, Entrevista a Lorena Piñón, Congreso de Innovación na FP, Avaliación en 4º de ESO, Proxecto Voz Natura (1º PREMIO PROVINCIAL), III Encontro interxeracional, Celebrando as Letras Galegas, FP unha opción de futuro, Premios á Innovación, Mirador de Monte Faro, Programa Proxecta, Oferta educativa para o vindeiro curso 2018/19



## Ventá aberta aos libros

- Xosé Cabana -




### AVENTURAS E HISTORIA: A BATALLA DE RANDE E SEGREDOS SOTERRADOS.

A batalla de Rande proponvos unha viaxe no tempo, unha volta ao século XVIII, que nos leva á ría de Vigo para asistir a unha batalla naval chea de saña e crueldade. Xa contaban os galeóns españois que estaban a salvo co inmenso tesouro que portaban toda vez que conseguiran entrar na ría de Vigo, mais a armada anglo-neerlandesa perseguiu e desexei de comezo un enfrontamento épico. Queredes coñecer como acabou? O desenlace está nesta novela gráfica de tan 68 páxinas de David Braña e Pablo Prado, que se le nun abrir e pechar de ollos.




Outra viaxe no tempo, mais un algo máis próxima: Segredos soterrados é unha novela de aventuras para os lectores de arredor dos 12 anos. Tamén é unha historia breve que se le no tempo que dura un cornete con dúas bólas de xeado. Ánxela e os seus amigos vanse ver involucrados nunha trepidante historia de

aventuras e investigación sobre a presenza dos nazis e os aliados en Galicia durante a Segunda Guerra Mundial. Pero aínda hai máis...



### MISS ANTROPÍA

A nai de Noe decide trasladarse como unha forma de esquecer algúns erros do pasado e tentar reconstruír a súa vida, mais a súa filla Noe, anoxada co mundo e en especial coa súa nai non llo vai poñer nada doado, nin á nai nin a ninguén que se achegue a ela, sexa cal sexa a súa intención. A carraxe da rapaza contra o mundo leva á creación dun perfil falso nas redes sociais: "Miss Antropía", no que inventa a vida dunha rapaza... Novela dura e intensa para ler nos días tranquilos.



### DONAS DE NÓS

Ánxela Gracián érguese nesta peza de teatro contra os estereotipos femininos dos contos de fadas que encarnan modelos de comportamentos que a sociedade patriarcal precisaba, na liña, por tanto, de obras como Morgana en Esmele de Begonia Caamaño, entre outras. Así que vos ides atopar con princesas rebeldes, cunha Morgana que loita pola liberdade plena, por lograr que as mulleres sexan donas de si. Ao final non comeron perdices!!



### UNHA HISTORIA DA ARTE DE CARLOS L. BERNÁRDEZ

Desde as primeiras manifestacións artísticas do paleolítico, fai uns 30 mil anos, pasando polas mámoas e petróglifos ata as tendencias estéticas da nosa época, "o obxecto deste libro é realizar un achegamento á imaxe artística de Galicia, un anaco de tradición cultural europea producida nun país que posúe unha singularidade histórica marcada". Ademais do abraio e orgullo polo inmenso patrimonio artístico que posúe esta nosa Terra, moitas veces ignorado cando non desprezado, un decátase ao ler este libro de que tamén se bota en falta unha historia do espolio, do borrado e destrución dunha parte da arte galega: dolmens e petróglifos que "estorbaban" a instalación de parques eólicos ou a plantación e recolleita de eucaliptais; castros sepultados debaixo de igrexas e, máis recentemente, autovías; cadros, esculturas e ata claustros enteiros desaparecidos misteriosamente.



### A INCRIBLE VIAXE DAS PLANTAS

Stefano Mancuso, profesor da Universidade de Florencia e botánico de renome, converteuse nun dos científicos de máis sona internacional pola súa defensa da idea de que as plantas teñen intelixencia. No libro A increíble viaxe das plantas lémbrenos que sen elas non poderíamos vivir ningún dos animais, incluídos os chamados racionais; ao tempo vai botando por terra algunhas desas ideais preconcebidas que fomos espallando sobre esas grandes descoñecidas que son as plantas: ao contrario do que pensabamos, son grandes comunicadoras, organismos moi sociais e, para o sorpresa da maioría, son grandes "viaxeiras", ou sexa, seres "sésiles" mais que poden moverse como e canto queiran. Ademais de facervos máis sabios e sabias, a lectura deste sorprendente libro vaivos deixar nun mar de dúbidas se andabades a pensar en convertervos en veganos ou vexetarianos.

## ASPECTO DUNHA AULA NA ESCOLA UNITARIA

- José María Leal López -



Na exposición permanente do MUPEGA (Museo Pedagógico de Galicia) recréase unha aula dunha escola de indianos, moi semellante ás que promoveu a Sociedade de Instrución "Vivero y su Comarca" no caso dos nosos emigrantes en Cuba.

Lembro como era na miña neñez unha escola de aldea, con poucos recursos pero que nos transmitía ilusión por saber e ser "homes e mulleres de mañá". Na actualidade, o uso das novas tecnoloxías e os novos métodos de ensinanza están en continua evolución e fan que o pasado inmediato pareza máis afastado. Por iso, é satisfactorio recordar as escolas dos anos sesenta, as que vivimos os da miña xeración, con certa nostalxia da aula e dos materiais que empregabamos e que xa forman parte da nosa herdanza.

Facendo un breve repaso de como era a escola daqueles anos así coma os materiais que empregabamos, lembro que as normas eran moi estritas e que o mestre seguía as mesmas pautas, ano tras

ano, sen contar que estes ían pasando e que os alumnos e alumnas ao igual cá sociedade ían evolucionando... É certo que tampouco contaban cos medios de perfeccionamento que hai na actualidade, a maioría traballaba de forma individual, illado, só se seguía a normativa e o plan de estudos vixente; para nosoutros a escola era simplemente a aula onde se desenvolvían as clases dos diferentes cursos.

A aula tiña forma rectangular, moi ampla e contaba coa súa propia decoración e distribución, tanto dos móbeis coma dos materiais didácticos que eran moi similares en todos os centros.

Ao longo dunha parede tiña unhas amplas fiestras que daban claridade á mesma. Na parede do fronte, cara a onde nos orientá-

bamos os alumnos, na parte de enriba no centro había un crucifixo, logo a ámbolos lados do mesmo os retratos de Franco e José Antonio. Noutro lado un reloxero de parede que soaba cada hora como querendo interromper o noso traballo; na parte baixa unha amplo encerado sobre o que se escribía con xiz de cor branca; nel mesmo, o mestre poñía cada día a data, unha consigna, así coma os temas que se ían tratar todo o cal pasabamos aos cadernos escolares. Continuando coa topografía da aula, a un lado, sobre dunha tarima fronte ós alumnos, estaba a mesa e cadeira do mestre, cuns amplos caixóns nos que gardaba os rexistros, as listas de alumnado, selos do centro, cadernos, lapiceros, gomas, etc.

Había tamén unha estufa eléc-





trica pequena, un armario acristalado que servía de refuxio a outros materiais didácticos coma regras, escuadras, cartabóns, compás, transportador de ángulos, libros de diferentes temas e materias, mapas desplegable de España, Europa e resto do mundo... Tamén lembro despregables doutros temas de ciencias naturais onde se lle daba moita importancia ao corpo humano que se estudaba detidamente, tamén os había de peixes, animais e plantas. Todos se despregaban polas paredes laterais da aula.

Presidía a mesa do profesor unha "bola do mundo" ou globo terráqueo para localizar coa punta do lapis sen marca-lo os diferentes países, capitais, ríos, mares ou océanos.

O pupitre era un conxunto de dúas prazas unido para a mesa e o asento, na mesa ían os útiles e materiais de escritura, na parte superior á man dereita, había un oco onde se incrustaba un tinteiro de porcelana branco de forma cilíndrica cun reborde para fixalo e que non derramase, só se sacaba para lavalo e liberalo da temible tinta china; a mesa tiña tamén unha fendidura horizontal para colocar os lápices, as plumas, as gomas e o pizarrillo e que non esvarasen ademais dun trapiño branco para limpar as plumas; nun pequeno caixón aberto gardabamos os libros, cadernos de escritura e de exercicios e a pizarra de lousa con marcos redondeados de madeira de faia, podemos dicir que era a "tablet" da época.


Os pupitres estaban fixos e aparafusados ao chan, en filas, con corredor entre eles. O alumnado situábase por orde de lista ou a criterio do profesor.

O libro que se utilizaba maioritariamente era a Enciclopedia Álvarez (Edit. Miñón), da que había tres graos ou niveis, este libro incluía tódalas materias do plan de estudos primarios adaptados aos hábitos e as formas de traballo escolares da época.

Arrimado á parede, atopábase un armario grande para as carteiras, roupa de abrigo e outros materiais

Nas clases había uns obxectivos mínimos que tiñamos que cumprir como dominar a Lingua Española, ler e escribir e, sobre todo, non ter faltas de ortografía nos ditados. Tamén había que coñecer os grandes escritores hispanos e a súas obras máis famosas;

en Matemáticas dominar as catro regras e a táboa de multiplicar; nalgúns casos usábanse os ábacos pero as operacións facíamolas nas pizarras que se borraban facilmente co trapiño. Nos cadernos de caligrafía íamos escri-



bindo lentamente coa pluma evitando, na medida do posible, os borróns. En Xeografía todo era imaxinación e aventura con aqueles mapas despregables e o globo terráqueo viaxabamos por España e o resto do mundo atravesando ríos, mares, cidades, países coas súas capitais e continentes.

A Historia de España estaba guiada por unha sucesión de xestas onde o triunfo dos ideais cristiáns e do réxime marcaban os instantes de esplendor, así entre estas heroicidades figuraban a Reconquista, o descubrimento de América ou o Alzamento Nacional (había que formar bos españois, amantes da súa Patria, das súas belezas e riquezas como fixerán os nosos atepasados).

Na materia de Ciencias destaca-

ba o estudo do corpo humano que se explicaba en xeral nos grandes despregables que se ían colgando pola aula: órganos, esqueleto, ósos, articulacións, nervios, veas ou arterias. Como dixemos, tamén había despregables de animais, peixes, insectos, vexetais, minerais... dos planetas e do sistema solar, e doutros temas en xeral.

Como materias máis secundarias, a Urbanidade e boas maneiras ou a Ximnasia, non contaban con recursos específicos, só cando facía bo tempo íamos ao patio para facer unha táboa de ximnasia todos formados.

A materia relixiosa era moi relevante, dada a situación do en-




sino, polo que estudabamos co Catecismo e liamos a Historia Sagrada, todo iso presidido polo crucifixo; o alumnado colaboraba os domingos nas colectas, mes-

mo na igrexa coma unha prolongación da escola; tamén se facían colectas anuais para o DOMUND (Domingo Mundial das Misións, creado por Pío XI co obxectivo de prover un fondo para a axuda das misións e das persoas dos países máis pobres do mundo). A colecta era polo mes de outubro e facíase por medio dunhas huchas feitas con louza esmaltada que se gardaban nas escolas durante todo o ano; consistían en bustos de nenos africanos, filipinos, nativos de América, chineses, hindúes, xaponeses, ... saíamos o domingo pedir polas rúas e as casas coa hucha; o recadado ía para o Bispado que era o encargado de xestionalo; ao rematar, gardabá-molas nun armario na escola ata o ano seguinte...

# FOTO ÁLBUM



Alumnado da Escola de Mestría durante a peregrinación a Santiago para ganar o xubileu. Podemos ver a Manuel Pérez Varela (co estandarte) e a José M<sup>a</sup> Leal López, Juan Carlos Neira Broch, Pacolín Solla Díaz, entre outros... (1965)




Grupo de alumnos da EMI amosando os seus títulos de Oficialía Industrial. (Xaneiro de 1974).

De esquerda a dereita, na fila de arriba están: Amador, Lamelas, Paleo, Bello, Rubal, Pena e Antonio.

Na mesma orde, na fila de abaixo: Leitón, Noriega, Horacio, Rego, Labrada e Salgueiro.

(Foto cedida por Paco Salgueiro)



Noutrora, houbo varios muíños de vento na Comarca: o da Casanova de Celeiro (ver Ⓞ Profesional, nº 43 de data 19/12/2008), o de Vilasuso no Vicedo, ou o do Campo da Torre en Ortigueira (descrito por Manuel López Foxo en "O País de Nós").

Nunha exposición celebrada no 2009 (ver Ⓞ Profesional, nº 46 de data 22/12/2009), o noso profesor Xosé Carlos Castelo Meilán logrou sorprendernos cunha exposición con máis de trinta variedades de mazás autóctonas, todas perfectamente identificadas e caracterizadas.

Nicolás Taboada Leal, nacido en Viveiro no 1798 e defunto en Vigo no 1883, médico, primeiro cronista oficial da cidade olívica, foi alumno do Colexio Insigne da Natividade fundado por María Sarmiento.

Se dobramos esta páxina do Profesional unhas 206 veces chegaríamos a unha distancia impresionante, saíndonos do universo coñecido.

É cuestión de traballar con potencias!





## MATRÍCULAS DE HONRA NO BACHARELATO



Diego Fernández Somoza, Belén Lorenzo Pérez e David Sánchez Míguez do Bacharelato Científico/Tecnolóxico, xunto con Carlota López Santandreu da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, acadaron cadansúas matrículas de honra ao remate da etapa educativa. Parabéns.

*“La energía y la persistencia conquistan todas las cosas.”*

(Benjamin Franklin)

## ACTO DE GRADUACIÓN



Cunha cea no restaurante Louzao de Area, os máis de 50 integrantes da última promoción de Bacharelato do noso centro despediron os actos da súa graduación antes de afrontar a ABAU que os promocionará a diferentes carreiras universitarias e aos ciclos de grao superior.

Aos actos tamén asistiron familiares e a maioría dos profesores que forman o equipo docente deste nivel educativo.

Parabéns!

## Provisional

Rúa: Misericordia, 58  
27850 - VIVEIRO (Lugo)  
¡NOVO! Teléf.: 982.870916  
¡NOVO! Fax: 982.870933  
Móbil 606.54.11.55 e 615.396.604  
[ies.maria.sarmiento@edu.xunta.es](mailto:ies.maria.sarmiento@edu.xunta.es)  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmariasarmiento/>

Impreso, en papel reciclado, en PUBLILAR - Magazos - Viveiro  
Depósito Legal: LU - 402-1994  
Viveiro, 21 de xuño de 2023

**ANO XXIX, NÚMERO 84**

TIRADA 815 EXEMPLARES

DISTRIBUCIÓN GRATUÍTA a alumnos e profesores: 800 exemplares, por correo a antigos profesores, institucións, centros e medios de comunicación: 15

SUBVENCIONA:

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO IES MARÍA SARMIENTO

**COLABORAN NESTE NÚMERO:**

### ALUMNADO

Alumnado de 2º de ESO,  
Valentín A. Blasich Almeida  
Ignacio Leiras Lago-Orcazberro  
Noa Suárez Riveira

### PROFESORES

Xosé Cabana,  
Manuel A. Alonso López-Leitón

### EXPROFESOR

José María Leal López

### DISTRIBUCIÓN, COMUNICACIÓN E ARQUIVO

Lucía Lage de Pol,  
Javier Caneda González

### COORDINACIÓN E MAQUETACIÓN

Néstor Timiraos Labaen



90 A MS22 220132

# Planificación de estudos no IES María Sarmiento para o curso 2023/2024 (Régime Ordinario)

